

O Corgo, a 24 de maio de 2023.- O Alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 1704

### Anuncio

#### **BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL E FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO Ó ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR E A ENTIDADE LOCAL MEDIANTE A ACTUACIÓN DE BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS.**

##### **PRIMEIRA.- NORMAS XERAIS**

Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas polo establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outono, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEB); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG); na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aprobou o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, e no no previsto nel, no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demáis disposicións aplicables

##### **OBXECTO**

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de:

1. Unha **brigada de incendios**, cos seguintes postos:

- 1 xefe de brigada
- 1 peón conductor
- 3 peóns de brigada

Nesta mesma liña, e co fin de non interromper a prestación deste concreto servizo de duración temporal, aqueles candidatos que superen o proceso selectivo, pero que non acadan a puntuación precisa para ser propostos para a contratación por esta entidade, pasarán a formar parte dunha lista para posibles baixas ou substitucións.

Así mesmo, o presente procedemento selectivo para a actuación de brigadas de prevención e defensa contra incendios, servirá de bolsa de emprego para futuras contratacóns, válida para o vixente ano 2023, que se constituirá con todos os candidatos que superen o proceso selectivo ordeados de maior a menor puntuación obtida. As contratacóns que se formalicen se farán respectando a orde.

No suposto de que o candidato seleccionado non deseñe suscribir o contrato laboral temporal ou unha vez suscrito, dimita ou se extinga a relación laboral de mutuo acordo, o concello notificará ó seguinte candidato seleccionado segundo a orde de puntuación para formalizalo.

##### **SEGUNDO.-COMPOSICIÓN E FUNCIONES DA BRIGADA DE INCENDIOS:**

**A brigada de incendios estará composta por un xefe de brigada, tres peóns e un peón conductor.**

As funcións a realizar por tódolos membros integrantes da brigada serán as que se especifican a continuación:

-Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais: As brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde se sitúe o concello, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios e o Plan de Prevención e Defensa contra os incendios forestais e o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (en adiante Pladiga). Así mesmo, cando concurran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autonómica de Galicia, sen perxuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados.

-Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e menores os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos.

-Os traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa

parte proporcional. Os restos procedentes destes traballos trituraranse mecanicamente, ou no caso de que non fora tecnicamente posible, poderán quedar acordoados.

#### **TERCEIRO.- REQUISITOS:**

##### **b) Comúns a todos os aspirantes**

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, de conformidade co establecido no artigo 56 do EBEP e no ART.50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP ser nacionales de Estados miembros de la Unión Europea o cualquiera que sea su nacionalidad a los cónyuges de los españoles o dos nacionales de estados miembros de la UE, sempre que non estean separados de dereito nos termos establecidos no artigo 57 de EBEB.

b) Ter unha idade comprendida entre os 16 e os 60 anos. (agás o peón conductor que deberá superar os 25 anos de idade)

c) Estar en posesión do carnet de conducir tipo B.

d) Posuir as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para a o desempeño dos traballos, acreditándose a mesma mediante certificado médico. Son excluyentes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, os transtornos psicológicos, as incapacidades do aparato locomotor, as enfermidades contagiosas e a obesidade. Nas mulleres tamén será excluyente o embarazo. A cegueira e a sordera son igualmente causas de exclusión.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder a mesma categoría profesional á que pertencia.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 2 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007), agás no xefe de brigada que deberá acreditar o Celga 3.

Se non se pode acreditar este concreto requisito, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesaria superar a realización dunha proba do lingua galega, nos termos establecidos na cláusula quinta.

##### **b) Específicas para cada posto:**

b.1) Para o xefe de brigada: se precisa ter o título de enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos ou técnico en traballos forestais e conservación do medio natural, técnico en emergencias e protección civil ou formación profesional equivalente. Ademais terá o carné de conducir B.

b.2) Para o condutor de brigada: Certificado de escolaridade e carné de conducir B e superar os 25 anos.

b.3) Para os peóns: Certificado de escolaridade ou equivalente.

#### **CUARTO.- PROCEDIMENTO SELECTIVO**

O procedemento selectivo constará na realización dos seguintes exercicios:

#### **EXERCICIOS ESPECÍFICOS PARA OS POSTOS DE PEÓN DE BRIGADA DE INCENDIOS, JEFE DE BRIGADA E PEÓN CONDUCTOR**

##### **1º Exercicio: Proba física común a todos os postos de traballo.**

Consistirá na superación da proba do banco ou de mochila.

Este exercicio é común a todos os postos de traballo e será eliminatorio.

Valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto.

##### **2º Exercicio:**

Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba práctica no manexo da desbrozadora e ferramentas manuais, co fin de avaliar os seus coñecementos e pericia na utilización do citado equipamento.

A puntuación máxima por este exercizo será de 10 puntos, sendo preciso para superalo acadar un mínimo de 5 puntos.

**3º Exercicio:****3.1.- Exposición curricular:**

Consistirá na contestación por escrito a preguntas formuladas polos membros do tribunal, co fin de afondar sobre cuestións curriculares dos/as aspirantes e coñecementos do concello. A puntuación máxima a obter por este apartado será de 4 puntos.

A calificación será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

O tempo de realización da proba serán 30 minutos

**3.2.-Proba sobre coñecementos:**

Consistirá nunha proba de coñecementos sobre as materias indicadas no anexo nº 1 destas bases.

A proba consistirá nun exame tipo test de 20 preguntas. Cada pregunta terá dous ou tres respuestas alternativas das cales só unha será a correcta. Para aprobar o exáme deberán acertar 10 preguntas (as preguntas non contestadas ou contestadas incorrectamente non restarán). Cada pregunta contestada correctamente valerá 0,20 puntos.

O tempo de realización da proba serán 30 minutos

A puntuación máxima a obter por este apartado será de 4 puntos.

A calificación total do **3º exercicio** será de 8 puntos como máximo, e obterase sumando a obtida no apartado 3.1 e 3.2. Para superar este exercicio será necesario acadar unha puntuación total mínima de 4 puntos.

**4º Exercicio: galego:**

Común e obligatorio para aquellas candidatos a calquera posto dos ofertados que non poidan acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 2 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007), agás o xefe de brigada que deberá acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 3.

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen diccionario, elixido libremente polo tribunal, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

A puntuación total virá determinada pola media das puntuacións obtidas nos exercicios 2º e 3º.

O tribunal elevará proposta de contratación temporal ao órgano competente dos dous candidatos/as que obtivesen máis puntuación. Así mesmo, elaborará unha lista coas puntuacións dos candidatos/as que superaron o procedemento para formar unha lista para posibles baixas ou substitucións.

**QUINTO.- ANUNCIO DA CONVOCATORIA E SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web [www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com) e na sede electrónica do concello do Corgo [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal).

As instancias para poder tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante o modelo que figura no anexo II da presente convocatoria, dirixido ao alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello, na sede electrónica [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal) ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 38 da Lei 39/15 de 1 de outubro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, (en sucesivas mencións LRJPAC), no seu artigo 38, no prazo de cinco **(5) días hábiles seguintes, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**. Se o último día de prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Xunto coa solicitude, os aspirantes manifestarán que reúnen todos los requisitos da convocatoria e aportarán copia da documentación acreditativa dos méritos ou títulos que alegan, no caso de que proceda a sua valoración ou sexa un documento imprescindible. (por exemplo: carnet de conducir)

Cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o concello poderá solicitar o cotexo das copias aportadas para o que poderán requerir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía dictará resolución, no prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina Web ([www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com)), e na sede electrónica do concello do Corgo, admitindo ou inadmitindo aos solicitantes, indicando a causa de exclusión neste último caso, e abrindose **un prazo de DOUS (2) días hábiles**

para a subsanación de defectos, contados a partires do seguinte ao da súa publicación nos referidos medios, para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indicarase o nome e apellido, con catro cifras numéricos aleatorios do DNI dos aspirantes, con indicación dos que non precisan a realización do exercicio de galego.

Rematado o prazo de subsanación, ditarase resolución nun prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, a contar a partir do seguinte á finalización do prazo anterior, elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos, así como os candidatos que teñan que realizar o exercicio de galego, e nela se sinalará a composición do tribunal cualificador. A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se aprobe e ordene a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

Non obstante, o feito de figurar na lista definitiva de admitidos non prexulta que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base terceira das presentes bases.

Os datos personais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados únicamente para o fin da presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente legislación, así como para a tramitación dos recursos tanto en vía administrativa como xudicial que se poidan interponer. Tamen se empregan para recabar información doutras Administracións públicas ou en cuestións referentes a empregados públicos (por ex: incompatibilidade).

Contra a resolución do alcalde pola que se declaran definitivamente excluídos do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes, a contar desde o día seguinte a publicación no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo, no de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

## **SEXTA- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

### **6.1 Composición:**

De conformidade con canto se establece polo artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empleado público, o tribunal terá a seguinte composición:

- Presidente: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.
- Secretario: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.
- Vogais: Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.

O nomeamento dos membros do tribunal e os seus suplentes, realizarase por Decreto do alcalde, e publicarase no taboleiro de anuncios, e na páxina web do concello ([WWW.concellodocorgo.com](http://WWW.concellodocorgo.com)) e na sede electrónica do concello do Corgo [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal)

O tribunal non poderá constituirse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. A colaboración pode consistir na elaboración dos informes médicos e das probas físicas que sirvan para acreditar a aptitude física para o desenvolvemento do posto de traballo.

Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores, que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

### **6.2 Adopción de acordos:**

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

Concluidas as probas, elevarase a proposta ao alcalde de candidatos que superen o proceso selectivo para que dicte a correspondente resolución ordenando a formalización do correspondente contrato laboral temporal. En ningún caso a proposta dos candidatos que superen o proceso selectivo poderá exceder do nº de plazas convocadas. Así mesmo, elevarase proposta de bolsa de emprego válida para o ano 2023.

O mesmo día de celebración das probas elevarase proposta dos candidatos seleccionados que vinculará á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poda proceder a súa revisión, consonte ao establecido nos Art. 106 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico de procedemento administrativo común das administracións públicas. Os seus acordos só poderán impugnarse de acordo coa Lei citada.

### 6.3 Data e lugar de constitución do Tribunal

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Na mesma resolución na que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluidos se sinalará a composición do tribunal cualificador, a data e hora na que se constituirá para valorar os méritos dos aspirantes admitidos.

### 6.4.- Abstención e Recusación.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei da 40/2015, de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algúnhha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da citada lei

### SÉTIMA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DO CANDIDATO/A SELECCIONADO/A

Os candidatos propostos deberán achegar no prazo de 3 días, a contar a partir do día da publicación no tablón de edictos da sede electrónica a seguinte documentación, salvo que xa a presentara anteriormente, xunto a instancia de participación:

- 1) Copia compulsada do DNI ou documento de identificación do extranxeiro ciudadano dun Estado membro da UE.
- 2) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- 3) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- 4) Declaración xurada de non encontrarse incuso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes que acredeite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acredutivo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

### OITAVA. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABALLO

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o alcalde resolverá o proceso selectivo e se procederá a formalización do contrato laboral temporal por obra o servizo determinado a tempo completo conforme a lexislación vixente.

### NOVENA. IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en via administrativa, poderase interpor polos interesados lexítimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurrira un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición, sen que este fora resolto, poderá entenderse que foi desestimado para interpor o recurso contencioso-administrativo, á súa elección, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do

Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa

O Corgo, a 6 de abril de 2023.- O Alcalde, Felipe Labrada Reija.

#### ANEXO I

#### I) Programa específico para conductor e peóns da brigada de prevención, vixiancia e extinción de incendios.

##### Tema 1.- Comportamento do lume.

- 1.1 Formas de propagación del calor en el monte
- 1.2 Partes dun incendio.
- 1.3 Forma dos incendios
- 1.4 Tipos de lume
- 1.5 Factores que inflúen no comportamento do lume
- 1.6 Combustible
- 1.7 Influencia do lume

##### Tema 2.- Extinción de incendios forestais

- 2.1 Estados do incendio
- 2.2 Organización previa ó combate
- 2.3 Combate do incendio
- 2.4 Técnicas de extinción
- 2.5 Relevo (acción tralo incendio)

##### Tema 3.- Seguridade persoal

- 3.1 Uniforme e equipo de protección persoal.
- 3.2 Precaucións xerais.
- 3.3 Precaucións no uso de ferramentas manuais.
- 3.4 Precaucións no emprego de ferramentas manuais
- 3.5 precaucións no emprego de maquinaria pesada
- 3.6 Precaucións no emprego en cortafuegos
- 3.7 Precaucións de medios aéreos
- 3.8 Precaucións no transporte
- 3.9 Precaucións ó manexar retardantes

##### Tema 4.- Coñecemento xeográfico do Concello do Corgo

#### II) Programa específico para o xefe de cuadrilla

##### Tema 1.- Comportamento de lume.

- 1.1 Formas de propagación del calor en el monte
- 1.2 Partes dun incendio.
- 1.3 Forma dos incendios
- 1.4 Tipos de lume
- 1.5 Factores que inflúen no comportamento do lume
- 1.6 Combustible
- 1.7 Influencia do lume

##### Tema 2.- Extinción de incendios forestais

- 2.1 Estados do incendio
- 2.2 Organización previa ó combate
- 2.3 Combate do incendio

2.4 Técnicas de extinción

2.5 Relevo (acción tralo incendio)

**Tema 3.- Seguridade persoal**

3.1 Uniforme e equipo de protección persoal.

3.2 Precaucións xerais.

3.3 Precaucións no uso de ferramentas manuais.

3.4 Precaucións no emprego de ferramentas manuais

3.5 precaucións no emprego de maquinaria pesada

3.6 Precaucións no emprego en cortafuegos

3.7 Precaucións de medios aéreos

3.8 Precaucións no transporte

3.9 Precaucións ó manexar retardantes

**Tema 4.- Coñecemento xeográfico do Concello do Corgo**

**Tema 5.- Funcións e responsabilidades do xefe de cuadrilla**

5.1Organización da cuadrilla.

5.2 Actuacións do xefe da cuadrilla durante os incendios.

5.3 Actuación do xefe da na extinción de incendios.

5.4 Actuación dos medios aéreos.

